

Orde do 25 de febreiro de 2005 pola que se anuncia a adxudicación de dez bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se desenvolven no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, convocada por Orde do 29 de novembro de 2004 (Diario Oficial de Galicia número 236, do 3 de decembro).

Con sustentación na proposta contida na acta da sesión que tivo lugar o día 14 de febreiro de 2005 pola comisión seleccionadora para a adxudicación de dez bolsas de colaboración en diversos proxectos de investigación que se van desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, segundo a convocatoria anunciada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no DOG nº 236, do 4 de decembro de 2004, e de conformidade co establecido na base sexta da referida orde de convocatoria, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Conceder dez bolsas de colaboración para os distintos proxectos de investigación que se desenvolverán no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, segundo se detallan no anexo a esta resolución.

No caso de producirse algunha renuncia, procederase a adxudicarlles a mencionada bolsa a outros candidatos/as, se os houbese, de acordo coa relación de suplentes que se inclúe no anexo desta resolución.

Segundo.-De acordo co establecido na base segunda da convocatoria, a asignación mensual das bolsas a que se refire o punto anterior será de 800 euros mensuais, coa retención fiscal que corresponda, durante o período comprendido entre o 1 de marzo e o 31 de decembro de 2005.

Terceira.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso postestativo de reposición ante o mesmo órgano que resolveu, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, ou ben os interesados poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución. En todo caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Apelidos e nome das/os bolseiras/os	NIF
* Proxecto I: Prosa literaria galega medieval	
Titular:	
Coiradas Martínez, Inés	78792422-B
Suplentes:	
Vega Vázquez, Isabel	44815955-H

Apelidos e nome das/os bolseiras/os	NIF
Rábade Villar, Mª do Cebreiro	44812117-K
Domínguez Carreiro, Sandra	76716122-J
Vilariño Suárez, María	53168239-J
* Proxecto II: Lírica galego-portuguesa	
Titular:	
López Macías, Marta	34970692-C
Vega Vázquez, Isabel	44815955-H
Suplentes:	
González Lousada, Francisco	53168948-D
Rodríguez Barcia, Susana	36151627-C
Vilariño Suárez, María	53168239-J
* Proxecto III: Corpus de referencia do galego actual	
Titular:	
Domínguez Carreiro, Sandra	76716122-J
Suplentes:	
Cañizo Durán, Leopoldo	44467453-N
Castro García, Silvana	47360137-D
Rodríguez Barcia, Susana	36151627-C
Porto Cacheiro, Isabel	44089092-R
Vázquez Fernández, Silvia	34972316-B
* Proxecto IV: Recuperación de textos poéticos e xornalísticos galegos	
Titular:	
Vilariño Suárez, María	53168239-J
Suplentes:	
Grañío Teira, María Lucía	76779063-A
Porto Cacheiro, Isabel	44089092-R
* Proxecto V: Bibliografía da literatura galega	
Titular:	
Rábade Villar, María do Cebreiro	44812117-K
Suplentes:	
Domínguez Carreiro, Sandra	76716122-J
Castro García, Silvana	47360137-D
García Merino, Mª José	44816682-D
Porto Cacheiro, Isabel	44089092-R
Ferro Diz, Dolores	44075697-S
Vázquez Fernández, Silvia	34972316-B
* Proxecto VI: Dicionario de fraseoloxía galega	
Titular:	
Cañizo Durán, Leopoldo	44467453-N
Suplentes:	
Domínguez Conde, Nancy	46914318-E
Ferro Diz, Mª Dolores	44075697-S
Domínguez Carreiro, Sandra	76716122-J
López Macías, Marta	34970692-C
García Merino, Mª José	44816682-D
* Proxecto VII: Síntese de voz en galego	
Titular:	
Caamaño Varela, Maruxa	44814518-F
Suplentes:	
Diéguez Pardo, Natividad	76822310-X
Ferro Diz, María Dolores	44075697-S
Porto Cacheiro, Isabel	44089092-R
Castro García, Silvana	47360137-D
* Proxecto VIII: Corpus de referencia do galego actual	
Titular:	
Molinero Álvarez, Miguel Ángel	71505479-C
* Proxecto IX: Dimensións de identidade colectiva en Galicia	
Titular:	
Anido Domínguez, Rubén	44829321-K
Suplentes:	
Martín Naranjo, Genma	02629876-X
Veiga Martínez, Olga	78795957-G
Ugarte Otero, José	44808976-P

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Orde do 28 de febreiro de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrência competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

Os parques empresariais e as infraestruturas de solo empresarial creadas hai anos e cun alto nivel

de ocupación de empresas, van tendo, como consecuencia do tempo transcorrido, determinadas carencias infraestruturais e novas necesidades en materia de comunicación, enerxéticas ou de adecuación ás exixencias de normas posteriores á súa creación e de servizos comúns de carácter xeral que lles permitan unha actualización permanente fronte aos seus competidores.

Coa finalidade de realizar a renovación destas infraestruturas, para evitar a súa obsolescencia, ou de habilitar outras novas non previstas na súa orixe, e co obxecto de motivar o esforzo común de constante mellora competitiva de oferta de solo empresarial, como elemento dinamizador da economía e do emprego local, dentro das competencias en materia de fomento empresarial que son propias da comunidade autónoma, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio estima necesario establecer medidas de apoio á actividade económica a través de proxectos de investimento en materia de infraestruturas de instalacións e de servizos ás empresas.

Como medio e instrumento para favorecer as actuacións indicadas, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio considera necesario establecer un programa de axudas encamiñadas á mellora das infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste programa estrutúranse dúas liñas de axudas, aprobándose ás súas bases e adaptándose as novas exixencias de regulación estatal e autonómica en materia de subvencións públicas. Igualmente, procederase á convocatoria destas axudas para o ano 2005.

O contido desta orde de axudas axústase ao Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Bases.

Apróbanse as bases para a concesión de subvención incluídas no programa de axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, que figuran como anexo I a esta orde.

Artigo 2º.-Convocatoria.

1. Convócasen as axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2005, de acordo coas bases aprobadas nesta orde.

Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias que se indican a continuación:

Aplicación: 08.02.622-A 760.0.

Denominación: concellos: actuacións en materia de infraestruturas en polígonos industriais.

Importe en euros: 1.200.000 para o ano 2005; 250.000 para o ano 2006.

Aplicación: 08.02.622-A 780.0.

Denominación: asociacións e institucións sen ánimo de lucro: actuacións en materia de infraestruturas en polígonos industriais.

Importe en euros: 200.000 para o ano 2005; 30.000 para o ano 2006.

2. Esas cantidades poderanse incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito.

A contía máxima da subvención neta equivalente nas aplicacións 08.02.622-A 760.0 concellos, e 08.02.622-A 780.0 asociacións e institucións sen ánimo de lucro, poderá alcanzar as contías determinadas no artigo 3º das bases reguladoras desta orde.

3. O prazo de presentación das solicitudes será de 40 días naturais desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4. A data límite para executar as actuacións que fosen obxecto de subvención e para xustificar a correspondente investimento é o 30 de setembro de 2005.

5. O modelo de solicitude e o que se establece como anexo II-A e II-B desta orde. O anexo II-A esta destinado a concellos e o anexo II-B, a asociacións e institucións sen ánimo de lucro.

Á solicitude xuntarase a documentación establecida nas bases.

Disposición derogatoria

Derrogación normativa.-Para os efectos desta orde queda derogada a orde do 11 de marzo de 2002 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións en materia de industria, enerxía, minaría, tecnoloxía e desenvolvemento sectorial, comercio e consumo.

Disposición adicional

Para o non previsto nesta orde observarse o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada parcialmente pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado parcialmente pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, e na Lei

de orzamentos xerais da comunidade autónoma para cada exercicio, así como no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime das axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira

Entrada en vigor.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2005.

Juan Rodríguez Yuste

Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO I

Bases reguladoras das subvencións encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Estas bases teñen como obxecto a mellora dos servizos e o acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación co fin de que as empresas radicadas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas poidan dispoñer de condicións máis competitivas para desenvolver a súa actividade económica.

2. Constitúen o obxecto destas axudas as seguintes actuacións:

A. A elaboración ou execución de estudos e proxectos de investimento para a incorporación de novos servizos e para a mellora das infraestruturas existentes en materia de comunicación, subministración enerxética, iluminación, saneamento, reparación e pavimentación de vías, movemento de terras e edificios múltiples.

B. A realización de instalacións centralizadas de produción de calor ou electricidade, sempre e cando se cumpran os requisitos establecidos no Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica por instalacións abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, residuos e coxeneración.

C. A dotación de infraestruturas de servizos avanzados que poidan ser prestados con carácter horizontal e que supoñan unha mellora en materia de xestión, seguridade e formación.

3. Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade, non-discriminación, eficacia e eficiencia.

Artigo 2º.-Requisitos dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios das axudas serán os concellos e as asociacións e institucións sen ánimo de lucro

que realicen investimentos de acordo co obxecto desta orde, nos parques empresariais e recintos de localización preferente radicados no seu termo municipal cunha antigüidade mínima de 5 anos e cun nivel de ocupación polo menos do 25% das parcelas dispoñibles.

2. Cando o beneficiario sexa unha agrupación de persoas físicas ou xurídicas deberanse facer constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que van aplicar por cada unha delas, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Nestes casos, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non se poderá disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 23 e 79 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

3. Os solicitantes deben reunir os requisitos a que alude o artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

Artigo 3º.-Contía máxima da axuda.

A contía máxima da subvención neta equivalente nas aplicacións 08.02.622-A 760.0 concellos, e 08.02.622-A 780.0 asociacións e institucións sen ánimo de lucro, poderá alcanzar:

Ata o 100% do custo de elaboración dos estudos ou proxectos técnicos.

Ata o 40% do investimento subvencionable na execución de proxectos de mellora ou acondicionamento de servizos e infraestruturas en materia de comunicación, subministración enerxética, iluminación, saneamento e edificios múltiples.

Ata o 25% do investimento subvencionable na execución de proxectos de mellora ou acondicionamento das infraestruturas, en materia de reparación e pavimentación de vías e movemento de terras.

Artigo 4º.-Investimento subvencionable.

1. Non se valorarán para efectos de investimento, os gastos que se realicen en pagamento de licenzas, gastos sometidos a aranceis ou os correspondentes a investimentos realizados con fórmulas de arrendamento financeiro. Os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos, salvo que se acredite que non son susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

No caso de que os solicitantes das subvencións sexan asociacións ou entidades sen ánimo de lucro, poderase considerar subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando o beneficiario acredite

mediante a correspondente certificación que se encontra acollido o réxime de exención de IVE.

2. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo para execución da obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores salvo que se xustifique que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que se celebre o contrato con anterioridade á solicitude da subvención.

Artigo 5º.-Solicitudes, prazo de presentación e documentación.

O prazo para a presentación das solicitudes será o que se estableza nesta convocatoria.

As solicitudes xunto coa documentación dirixiran-se ao conselleiro de Innovación, Industria e Comercio e presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, nas delegacións provinciais ou a través de algunha das formas establecidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, entre as que se inclúen os rexistros dos concellos que teñan subscrito o convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicador do rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

As solicitudes, cubertas segundo os modelos do anexo II, xuntaráselles a seguinte documentación, que deberá presentarse por duplicado:

1. Aquela que acredite a personalidade, natureza e réxime xurídico do solicitante, tendo en conta que:

* Se é unha fundación, asociación ou entidade sen ánimo de lucro deberá achegar a escritura pública de constitución e estatutos debidamente inscrita no rexistro correspondente, debendo quedar acreditada, de ser o caso, a súa condición de entidade sen ánimo de lucro.

Se se trata dunha agrupación deberá achegarse a documentación acreditativa da súa constitución e dos requisitos a que se refire o artigo 2.2º destas bases.

2. Memoria técnica xustificativa da actuación que se vai desenvolver de conformidade con esta orde e prazo de execución, que levará como anexo unha relación das empresas situadas no parque empresarial.

3. Orzamento detallado por capítulos e conceptos das actuacións, e co correspondente desagregación do IVE.

4. No caso de execución de obras, o proxecto asinado polo técnico competente e visado polo colexio oficial correspondente.

5. Informe urbanístico emitido polo concello en que se indique que a actuación para a que se solicita subvención é conforme coa legalidade urbanística vixente no concello ou, de ser o caso, que o investimento non precisa licenza municipal.

6. Titularidade das infraestruturas do proxecto ou autorización expresa das actuacións no caso de que o solicitante non sexa o titular.

7. Declaración doutras axudas solicitadas, obtidas ou que prevé solicitar para o mesmo investimento en calquera outra administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais. A obtención destas axudas deberá comunicarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos. Esta declaración axustarase ao modelo recollido como anexo III desta orde.

8. Fotocopia cotexada do NIF/CIF do beneficiario.

9. Xustificante que acredite estar ao corrente das súas obrigas tributarias, da Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, excepto no caso de que estean exceptuadas por disposición legal, non estando os concellos obrigados a presentar esta documentación.

10. No caso de instalacións centralizadas de produción de calor ou electricidade achegarse o convenio específico do titular das infraestruturas coas empresas implicadas na xeración de enerxía conforme o Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro.

11. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2º e 3º do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Esta declaración axustarase o modelo recollido como anexo IV desta orde.

Artigo 6º.-Instrución e resolución.

1. A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas será o órgano competente para a instrución dos procedementos que se tramiten ao amparo do disposto nesta orden.

Conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se a solicitude de subvención non reúne os requisitos exixidos nesta orde para cada caso concreto, o interesado será requirido para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao de recepción do devandito requirimento emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, se considerará desistido na súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

2. Os expedientes, completados e revisados polos órganos xestores, remitíranse á comisión de valoración para que proceda a propor a aprobación ou denegación de axudas seguindo os criterios de valoración establecidos no artigo 7º.

Conforme o establecido no artigo 9 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma Galega, a valoración das solicitudes admitidas realizarase por unha comisión constituída para o efecto, que estará presidida polo director xeral de Industria, Enerxía e Minas ou a persoa en que delegue. Constituirana, ademais, o subdirector xeral de Administración industrial, o xefe de servizo de Administración industrial, que actuará como secretario, e un representante de cada unha das delegacións provinciais da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

A comisión proporá a contía das axudas correspondentes aos investimentos subvencionables ata esgotar o crédito dispoñible, quedando en reserva o resto dos investimentos subvencionables, para que, se se producise algunha renuncia u modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, puidesen ser atendidos co crédito que quedará libre.

No suposto B das actuacións subvencionables sinaladas no artigo 1 desta orde, emitirase informe previo á resolución por parte do Instituto Enerxético de Galicia.

3. Á vista da acta emitida pola comisión de valoración ditaranse as correspondentes resolucións. O conselleiro de Innovación, Industria e Comercio ditará a resolución de concesión o denegación da axuda ou subvención solicitada.

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, e para os efectos de optimización dos fondos dispoñibles, e das solicitudes que quedasen en reserva de conformidade co disposto no punto anterior, o beneficiario da axuda ou subvención deberá aceptala no prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao da súa notificación. No caso contrario, entenderase que renuncia á axuda ou subvención concedida e procederase de conformidade co establecido no artigo 42.1º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A aceptación da axuda ou subvención formalízase mediante un documento asinado polo beneficiario no que este se compromete a cumprir todas as condicións establecidas nesta orde, na convocatoria da axuda ou subvencións, se é o caso, na resolución de concesión dela.

4. As resolucións de concesión ou denegación das axudas o subvencións serán motivadas, de acordo cos criterios de outorgamento das normas reguladoras, notificaranse aos interesados e poñerán fin á vía administrativa.

As resolucións estimatorias das solicitudes de concesión de axudas e subvencións expresarán, polo menos, o obxecto e importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe da axuda ou subvención concedida e mais a contía desta e, no caso de que teñan carácter plurianual, as cantidades outorgadas con cargo aos orzamentos de exercicios posteriores.

5. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder seis meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que esta pospoña para os seus efectos a unha data posterior.

Cando venza o prazo máximo sen notificárselles a resolución lexítima aos interesados, poderá entenderse desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Artigo 7º.-Criterios de valoración.

A valoración e selección das solicitudes serán realizadas pola comisión de valoración do artigo 6º. No devandito procedemento teranse en conta os criterios, que se relacionan por orden decrecente de importancia:

1. Maior número de empresas instaladas no parque empresarial.

2. Antigüidade das infraestruturas, primando as máis antigas.

3. Contribución á captación e introdución de novas tecnoloxías, mellora da calidade e mellora do ambiente.

4. Posibilidade de inducir actividades complementarias.

5. A non percepción doutras axudas.

Á vista da valoración propórase a contía das axudas correspondentes aos investimentos subvencionables ata esgotar o crédito dispoñible, quedando en reserva o resto dos investimentos subvencionables, para que, se se producise algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, poidan ser atendidos co crédito que quedase libre.

Artigo 8º.-Actuacións plurianuais.

No caso de actuacións plurianuais, que excedan o exercicio 2005, poderanse establecer os correspondentes compromisos da anualidade, dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente, de conformidade co prazo de execución do investimento, observarse o disposto, para os efectos oportunos, no artigo 58 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Os libramentos correspondentes a estas axudas faranse efectivos con cargo aos créditos consignados para cada exercicio orzamentario. Se a materialización e o pagamento dos investimentos se anticipasen ao calendario establecido na resolución de concesión e non fose posible o readaptación das

anualidades de subvención, o investimento ou pagamento adiantado poderá servir de xustificación para o libramento das anualidades posteriores sempre que se obtivese a conformidade do órgano competente para concesión da axuda.

Nos proxectos plurianuais, entenderase que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata fin de ano, corresponden á anualidade seguinte e polo tanto poderase presentar como xustificantes para o cobramento da devandita anualidade.

Artigo 9º.-Modificación da resolución.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario. Os requisitos que deberán cumprirse para isto son os seguintes:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

3. O acto polo que se acorde a modificación da resolución ou, se é o caso, se denegue, será ditado polo órgano concedente logo da instrución do correspondente expediente, no que se dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 9.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 10º.-Xustificación do investimento.

1. A data límite para executar as actuacións que fosen obxecto de subvención e para xustificar o correspondente investimento e pagamento é a que estableza esta convocatoria. Para isto o beneficiario deberá presentar na Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas ou nas delegacións provinciais da Consellería de Innovación, Industria e Comercio ou a través de algunha das formas consideradas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común, a seguinte documentación por duplicado:

a) Memoria en que se detallen as investimentos e gastos realizados ou o estudo ou proxecto técnico elaborado, que deberá coincidir co aceptado na resolución de concesión da subvención.

b) Documentos acreditativos da investimento ou actuación consistentes en facturas orixinais e documentos xustificativos do pagamento realizado, ou copia cotexada deles.

c) No caso de que a investimento subvencionable sexa a realización de obras ou de instalacións, presentaranse certificacións en que se detalle o valor final da execución de cada unha das unidades de obra, visados polo correspondente colexio oficial e asinados polo técnico director.

d) Aceptación da comisión de goberno das certificacións de obra presentadas, facturas e xustificantes de pagamento.

e) Xustificante que acredite estar ao corrente das súas obrigas tributarias, da Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, agás o caso de que estean exceptuadas por disposición legal, non estando os concellos obrigados a presentar esta documentación.

f) Xustificante das axudas obtidas ou que prevé solicitar para o mesmo investimento en calquera outra administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais; indicando a súa contía. Esta declaración axustarase ao modelo recollido como anexo III desta orde.

g) Certificación da conta bancaria, na cal conste o código do banco, código de sucursal, dígito da conta e código da conta corrente, onde se debe realizar, expedida pola propia entidade bancaria.

h) O beneficiario de calquera subvención plurianual, que teña un importe que supere os 30.050,61 euros, deberá xuntar, ademais do xustificante acreditativo da Caixa Xeral de Depósitos, o seguro de caución prestado pola entidade aseguradora do aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca que garanta o importe da anualidade do pagamento que se estea tramitando así como os correspondentes xuros, xuro legal do diñeiro indicado na Lei de orzamentos do Estado que estea vixente nese momento, por un prazo que deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación da última das anualidades da subvención.

2. No caso de que o beneficiario sexa un concello, para a xustificación a que se refire a alínea b) do punto anterior admitirase como medio de xustificación do investimento a certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto seguindo o disposto no artigo 15 c) do Decreto 287/2000.

3. Os órganos competentes da Consellería de Innovación, Industria e Comercio poderán solicitar as aclaracións ou informes ou medios de xustificación a que se refire o artigo 15 do Decreto 287/2000,

do 21 de novembro, que consideren convenientes. No caso de que non os remitise o beneficiario dentro do prazo que se sinale, entenderase que renuncia á axuda.

4. A percepción da axuda terá lugar despois de que os servizos técnicos da Consellería de Innovación, Industria e Comercio tras a inspección realizada de ser o caso, certifiquen que se realizou o investimento que foi obxecto da subvención e o contemplado na resolución de concesión. Ademais, o beneficiario deberá presentar a documentación adicional que lle sexa requirida por estes servizos técnicos, co obxecto de determinar o alcance do proxecto e as actuacións subvencionables.

No caso de que a investimento realizado tivese un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que a minoración do custo non supoña una realización deficiente do proxecto, a axuda que se conceda verase minguada nunha porcentaxe proporcional.

Artigo 11º.-Réxime de recursos.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde e nas correspondentes ordes de convocatoria esgotarán a vía administrativa e contra ela caberá interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

E todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro que consideren procedente.

Artigo 12º.-Concorrenza de axudas e subvencións públicas.

O importe das axudas e subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderán ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas e subvencións, supere o custo da actividade subvencionable.

Artigo 13º.-Reintegro das axudas ou subvencións.

Procederá o reintegro total ou parcial da subvención e dos xuros de demora devengados desde o momento do pagamento ata en data na que se acorde

a procedencia de tal reintegro nos casos previstos no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario, ou de ser o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que se estableza.

Artigo 14º.-Fiscalización e control.

A concesión das axudas e subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e de control financeiro por parte da intervención xeral da comunidade autónoma nos termos que establece o capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, as actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, as dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 15º.-Entidade colaboradora.

De acordo co establecido nos artigos 12 e 13 da Lei 28/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio poderá establecer convenios de colaboración con outros organismos e demais entes públicos, sociedades mercantís participadas íntegra ou maioritariamente, polas administracións públicas, organismos ou entes de dereito público, co obxecto de que estas actúen como entidades colaboradoras na xestión das subvencións sen que se produza a previa entrega e distribución de fondos recibidos. Os referidos convenios de colaboración regularán as condicións e as obrigas asumidas pola entidade de colaboración.

Artigo 16º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas e subvencións reguladas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e réximen administrativo.

Artigo 17º.-Publicidade.

Unha vez ultimada a concesión das axudas publicárase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación da entidade beneficiaria, contía e finalidade da subvención.

ANEXO II - A



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO

PROCEDEMENTO AXUDAS ÁS CORPORACIÓNS LOCAIS PARA A HABILITACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN519A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

CONCELLO		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E na súa representación:

NOME		NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

OBXECTO DA SOLICITUDE

DENOMINACIÓN DO PROXECTO DE ACTUACIÓN SUBVENCIONABLE			
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO QUE SE VAI REALIZAR		AXUDA SOLICITADA	
Nº VISADO E DATA DO PROXECTO		POLÍGONO INDUSTRIAL	
ANO CREACIÓN		Nº TOTAL DE PARCELAS	PARCELAS OCUPADAS

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (POR DUPLICADO)

☐ DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA ENTIDADE SOLICITANTE NIF/CIF. ☐ MEMORIA TÉCNICA XUSTIFICATIVA DO INVESTIMENTO. ☐ ORZAMENTO DE GASTOS. ☐ PROXECTO TÉCNICO. ☐ INFORME URBANÍSTICO. ☐ TITULARIDADE DAS INFRAESTRUTURAS.	☐ DECLARACIÓN DE AXUDAS. ☐ CONVENIO ESPECÍFICO DO TITULAR COA EMPRESA IMPLICADA. ☐ DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 13.
---	---

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 28 de febreiro de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrência competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA , de de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN DOUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS PÚBLICAS SOLICITADAS/CONCEDIDAS PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DE SOLICITUDE

Don/a _____ con DNI nº _____ en calidade de _____ con CIF _____
Comparece como titular ou en representación da entidade _____

DECLARA (sinalar cun X o que proceda):

- ☐ Non ter solicitado outras axudas para o proxecto obxecto de solicitude.
- ☐ Ter solicitado axudas e subvencións dos organismos que se mencionan a continuación para o proxecto obxecto de solicitude:

CONVOCATORIA ⁽¹⁾	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE ⁽²⁾	S/C/P ⁽³⁾	DATA	IMPORTE

⁽¹⁾ Indicar a orde de convocatoria da axuda ou subvención para a cal se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.
⁽²⁾ De non coñecerse o código de expediente, reflexar o programa ou liña de axudas do organismo.
⁽³⁾ Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida), P (pagada).

Así mesmo comprométeme a comunicar á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade á presente declaración, e en todo caso, antes do cobramento da/s axuda/s correspondente/s á presente solicitude.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino a presente declaración-compromiso.

_____, de _____ de _____

ANEXO IV

MODELO DE DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 13

DON/A	DNI/NIF
ENDEREZO	
ACTUANDO EN REPRESENTACIÓN DE	

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

que (nome do representado, se é o caso) _____
non se atopa incurso en ningunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003,
do 17 de novembro, xeral de subvencións.

E para que así conste asino esta declaración responsable.

En lugar e data

_____, ____ de _____ de 200 ____

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN
LOCAL**

Decreto 38/2005, do 24 de febreiro, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Lugo, dos bens e dereitos necesarios para a realización da obra número 115, Plan de Obras e Servizos 2003 Carballedo, estrada provincial da Barrela por Esmoriz á estrada comarcal 533, alargamento e mellora punto quilométrico 4,900 ao 5,900 (termo municipal de Carballedo).

A Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día un de agosto de dous mil tres, aprobou

o proxecto da obra nº 115, Plan de Obras e Servizos 2003 Carballedo, estrada provincial da Barrela por Esmoriz á estrada comarcal 533, alargamento e mellora punto quilométrico 4,900 ao 5,900 e, na sesión do vinte e sete de setembro de dous mil catro, acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens en que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu á información pública.

Que o dito expediente tivo entrada na Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local e, solicitado informe á Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, esta emitiu informe favorable.